

**Os frentes do tenis Barbazán:
*MASTER PROVINCIAL DE TENIS**

**Club Tenis
Punta Salera
981-83 23 06
616-63 82 41**

MASTER PROVINCIAL DE TENIS

NOTA: Esta competición naceu no ano 2004, celebrada ininterrumpidamente, polo C.T.Boiro, club que no que naceu.

As fechas seguen sendo, como sempre, a última semana do ano, e participan os mellores xogadores e xogadoras da provincia da Coruña, según o ranking da federación española.

Case 200 persoas se deron cita no pavillón de Barraña para ver as finais da 9ª edición do Máster provincial de tenis, foi a final con máis público de todas as edicións, e tamén unha das mellores finais masculinas. O evento estivo organizado polo C.T.Boiro en colaboración co concello de Boiro e a Federación Galega de Tenis, e no patrocinio colaboraron Jealsa e Eroski. No torneo estaban chamados a participar os 16 primeiros xogadores e 8 xogadoras da provincia da Coruña, según o ranking da federación española. O torneo repartiu 602€ en cada categoría. Os coruñeses Rodrigo Figueroa (nº69 de España, 3 de Galicia e 1 da provincia), en masculino e Natalia Galán (nº62 de España e 1 de Galicia) en feminino, cumpriron coa súa condición de primeiros favoritos. Os partidos finais desenroláranse no pavillón de Barraña: na 1ª semifinal da categoría masculina, Rodrigo Figueroa venceu ó seu paisano Adrián Sabrojo por un cómodo 63 e 61, case idéntico resultado (63 e 60) o que a continuación lle endosou o santiagués Pablo Illodo ó seu tamén paisano Pedro Ecenarro. Xa pola tarde, ás 16 horas, disputouse a final feminina, na que Ana Pico, xogadora do C.T.A Pedralba, non tivo opcións con Natalia Galán e perdeu por 61 e 60. A continuación xogouse a masculina, unha final vibrante e vistosa, na que ambos finalistas mostraron moita solidez dende o fondo da pista, ó final, Rodrigo Figueroa logrou unha ruptura de saque en cada set, levándose o partido por un axustado 64 e 64. En canto á representación local, pese a ser moi numerosa, non tiveron sorte, e practicamente todos caeron nos cuartos de final. En torno ás sete da tarde, celebrouse a entrega de premios, onde tamén se sortearon lotes navideños e material deportivo diverso. Na entrega participou Marco Casal, director técnico da F.G.T., Juan Romero en representación de Eroski e Chicho García como presidente do C.T.Boiro.

Destacar que ademáis, fíxose entrega dos trofeos do tradicional Torneo de Nadal de Boiro, en todas as categorías.

Pódese consultar todo en: <http://www.ctpuntasalera.es/>

